

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### SADA

##### Secretaría

*Bases da convocatoria do proceso selectivo para a contratación laboral temporal de oito (8) socorristas para as praias*

Polo Decreto desta Alcaldía núm.935/2019, do 24 de maio, aprobáronse as seguintes bases de convocatoria de selección de persoal:

#### **“BASES DA CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE OITO (8) SOCORRISTAS ACUÁTICOS PARA A UNIDADE DE SALVAMENTO E SOCORRISMO ACUÁTICO.**

##### **1ª.- Obxecto da convocatoria.**

A selección polo procedemento de concurso-oposición, en quenda libre, de oito (8) postos de socorristas acuáticos para a Unidade de Salvamento e Socorrismo Acuático que prestará servizo nas praias do Concello de Sada, en réxime de contratación laboral temporal durante o verán.

##### **2ª.- Modalidade de contratación:**

A modalidade de contratación será a de contrato laboral temporal de duración determinada, por obra ou servizo determinado, prevista no Real Decreto 2720/1988, do 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratación de duración determinada.

A duración do contrato será de 3 meses dende a súa formalización.

As retribucións serán de mil euros (1000,00€) brutos mensuais máis pagas extraordinarias semestrais polo mesmo importe, na contía que corresponda dada a duración do contrato.

A xornada de traballo será a tempo completo que se realizará de luns a domingo cos descansos establecidos na lei.

As funcións a realizar son: Prever accidentes ou situacións de emerxencia nas praias do Concello de Sada realizando, tarefas de vixilancia e información. Rescatar persoas en casos de accidente ou situación de emerxencia. Asistir como primeiro intervinente no caso de accidente ou situación de emerxencia.

Velar pola seguridade dos usuarios das praias do Concello de Sada previndo situacións potencialmente perigosas realizando unha vixilancia permanente e eficiente e intervindo de forma eficaz ante un accidente ou situación de emerxencia.

##### **3ª.- Requisitos:**

Para poder participar no proceso selectivo, as persoas aspirantes haberán de reunir, con referencia ao último día do prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

a) Ser español, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Real Decreto Lexislativo polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP)

b) Ter cumpridos dezaseis (16) anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.

c) Estar en posesión do título de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) ou equivalente.

d) Estar inscrito no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos da Comunidade Autónoma de Galicia (sección: espazos acuáticos naturais), de conformidade co Decreto 104/2012, de 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia (DOG núm. 67 de 09/04/2012) modificado polo Decreto 35/2017, do 30 de marzo (DOG núm.69 de 7/04/2017)

En defecto de inscrición, ter presentada a solicitude de inscrición no dito Rexistro Profesional, sempre, neste último caso, que desde a data de presentación da solicitude non teña transcorrido o prazo de 3 meses de que dispón a Academia Galega de Seguridade Pública para ditar resolución expresa. Neste caso deberase achegar, xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo, copia de dita solicitude de inscrición no Rexistro Profesional e copia da declaración

responsable segundo o modelo normalizado que figura como Anexo IV do dito Decreto 104/2012, así como do Título de Socorrista Acuático ou titulación equivalente ou que a englobe.

e) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade para o exercicio de funcións públicas de conformidade coa Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas. Idénticos requisitos seralles esixido aos nacionais dos demais estados membros da Unión Europea no seu caso.

f) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas que son obxecto do presente contrato. O cumprimento deste requisito acreditarase mediante certificado médico oficial.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación.

#### **4ª.- Presentación de instancias:**

As instancias solicitando tomar parte nas probas selectivas dirixiranse ao señor Alcalde e presentaranse no Rexistro Electrónico Xeral deste Concello ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, durante o prazo de CINCO días hábiles que contarán a partir do seguinte ao de publicación das bases da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Nas instancias os aspirantes farán constar que reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos na Base Co obxecto de coñecer a presentación das instancias noutros rexistros ou en correos e poder realizar o seu seguimento, nestes supostos, as persoas solicitantes deberán comunicalo durante o mesmo prazo de presentación de instancias, remitindo copia da solicitude presentada e xa rexistrada, mediante un correo electrónico dirixido a: persoal@sada.gal indicando como asunto: PS 17/2019-outros rexistros/correos. Achegando copia escaneada da solicitude rexistrada.

As persoas aspirantes farán constar na instancia que reúnen tódolos requisitos sinalados na Base 3ª, e achegarán inescusablemente os seguintes documentos:

- Xustificante de pago das taxas de participación (base 5ª)
- Fotocopia do DNI ou pasaporte.
- Fotocopia do certificado de lingua galega CELGA 3, iniciación de lingua galega ou a súa validación, se é o caso. Aos efectos de exención do exercicio de coñecemento de lingua galega (base 8ª.b).
- Fotocopia do documento que acredite a inscrición no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos da Comunidade Autónoma de Galicia a que se refire o parágrafo d) da base terceira.

En defecto de documentación que acredite a inscrición no dito rexistro, fotocopia da solicitude de inscrición no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos da Comunidade Autónoma de Galicia, (modelo normalizado que figura como Anexo III ao Decreto 104/2012 xa citado), así como da declaración Responsable segundo o modelo normalizado (Anexo IV).

Neste caso os/as aspirantes deberán achegar, inescusablemente, fotocopia do Título de Socorrista Acuático ou titulación equivalente ou que a englobe, que se deberá acreditar mediante documento oficial expedido polo organismo competente

- Certificado médico ou informe médico oficial respecto ao establecido na base 3ª.f.
- Relación cos méritos que se aleguen na fase de concurso.
- Fotocopias ou copias dixitalizadas dos documentos acreditativos dos méritos alegados para a súa avaliación na fase do concurso, segundo o establecido na Base 8ª.a). Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados no momento da presentación da instancia.

Para que teñan validez neste proceso selectivo, os documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán).

Modelo de instancia: As persoas aspirantes teñen a súa disposición un modelo de instancia de participación en probas selectivas do Concello de Sada, que poderán solicitar persoalmente, telefonicamente ou descargalo da seguinte ligazón da internet: <https://www.sada.gal/ga/a-un-click/impresos>

A presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo supón a aceptación e acatamento de todas e cada unha das bases desta convocatoria.

#### **5ª.- Taxas de participación:**

As taxas de participación do proceso selectivo é de dez euros (10,00€), consonte á Ordenanza fiscal núm.6, que se ingresará nalgunha das seguintes contas bancarias do Concello de Sada:

ABANCA ES24/2080/5161/8731/1000/5369

BANCO PASTOR ES55/0238/8109/9606/6000/0173

Indicar como concepto do ingreso: Taxas PS-17/2019

Serán devoltos unicamente no caso de que o/a aspirante non sexa admitido ao proceso selectivo.

A ausencia de aboamento das taxas de participación, dentro do prazo de presentación de instancias, determinará a exclusión do/a aspirante e no poderá ser obxecto de emenda. En ningún caso a presentación e pago da taxa suporá a substitución do trámite de presentación da instancia.

#### **6ª.- Admisión de persoas aspirantes:**

1.- Rematado o prazo de presentación de instancias, o Alcalde ditará resolución que se publicará no Taboleiro de Edictos do Concello, e na páxina web municipal ([www.sada.gal](http://www.sada.gal)), declarando aprobada a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión e outorgando o prazo improrrogable de 3 días hábiles seguintes á publicación da dita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emenda de defectos.

De non existir persoas excluídas, aprobarase con carácter definitivo a lista de admitidos.

2.- Transcorrido o prazo de emenda de defectos, o Alcalde elevará a definitiva a listaxe provisional, no caso de non presentarse reclamacións, ou resolverá as reclamacións e declarará aprobada a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas, que se publicará no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web municipal ([www.sada.gal](http://www.sada.gal)).

#### **7ª.- Tribunal cualificador.**

A designación dos membros do Tribunal, titulares e suplentes, farase na resolución da Alcaldía pola que se aprobe a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas, que fixará tamén a data e hora na que deberá constituírse o Tribunal e dar comezo as probas selectivas.

O Tribunal Cualificador estará composto por un Presidente/a, un Secretario/a e tres vogais, e os seus suplentes. Todos os/as vogais deberán contar con titulación de nivel igual ou superior á esixida para o acceso á praza. O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos membros (titulares ou suplentes, indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do presidente/a e do secretario/a.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, comunicándollo á autoridade competente, cando concorran neles circunstancias das previstas o artigo 28 da Lei 40/2015, de 1 de outubro. Os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran as ditas circunstancias, consonte ao artigo 29 da mesma lei.

O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas bases.

O Tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores/as especialistas para as probas que considere pertinentes, que se limitarán ao exercicio das súas especialidades técnicas en base exclusivamente as cales colaborarán co órgano de selección.

A efectos de percepción de asistencias, o Tribunal terá a categoría terceira (3ª) das sinaladas no Real Decreto 462/2002 do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

#### **8ª.- Contido, desenvolvemento e cualificación das probas selectivas.**

A selección realizarase mediante o sistema de concurso-oposición, en quenda libre, que se desenvolverá como se especifica de seguido:

##### **8.a) Fase de concurso: (Ata un máximo de 2 puntos)**

A puntuación obtida na fase de concurso non terá carácter eliminatorio e non poderá terse en conta para superar os exercicios da fase de oposición.

Consistirá na valoración dos méritos alegados e debidamente acreditados polas persoas aspirantes segundo o seguinte baremo:

- Título de patrón de navegación básica: 1 punto
- Título de DESA (Manexo de desfribilador): 1 punto

##### **8.b) Fase de oposición: (Ata un máximo de 30 puntos)**

A oposición constará de tres (3) exercicios, de carácter obrigatorio e eliminatorio, consistentes en superar probas de aptitude física para comprobar a existencia da capacidade necesaria para as funcións que se van a realizar; coñecemento

teórico e coñecemento mínimo de lingua galega, que se realizarán en lugar e data a determinar, que será comunicado no momento da convocatoria.

As persoas aspirantes concorrerán provistos do seu DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade a xuízo do tribunal e dos medios materiais necesarios para a práctica das probas, e serán convocadas en chamamento único, quedando excluídos da oposición as que non comparezan, agás casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciados libremente polo Tribunal.

Cando o Tribunal o considere conveniente, poderá acordar a celebración de varios exercicios nunha mesma xornada, concedéndolles aos opositores un descanso mínimo de quince minutos entre a celebración deles.

O Tribunal, polos medios que considere oportunos, velará polo mantemento do anonimato dos aspirantes na realización e corrección dos exercicios escritos.

A orde de actuación dos/as aspirantes naqueles exercicios que non poidan celebrarse conxuntamente iniciárase por orde alfabética.

**1º exercicio:** De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en contestar, por escrito, no tempo máximo de 30 minutos, a un cuestionario tipo test de vinte preguntas e unha de reserva sobre o contido do temario especificado no anexo da convocatoria. Cada pregunta terá catro respostas alternativas das que só unha será a correcta.

A proba cualificarase polo tribunal de 0 (cero) a 10 (dez) puntos, sendo preciso acadar cinco puntos como mínimo, para non quedar eliminado/a. Cada resposta correcta puntúa 0,5 puntos.

**2º Exercicio,** De carácter obrigatorio e eliminatorio. Que se realizará na piscina municipal. (Ata un máximo de 20 puntos)

a) 100 ms. combinada de salvamento, que haberá de realizarse para a súa superación en tempo igual ou inferior a 2 minutos 20 segundos para homes e 2 minutos 40 segundos para mulleres.

Puntuación por tempos de realización do exercicio (en minutos e segundos):

Tempo homes	Puntos	Tempo mulleres	Puntos
Menos de 1´25´´	10	Menos de 1´41´´	10
1´25´´ a 1´35´´	9	1´41´´ a 1´52´´	9
1´36´´ a 1´46´´	8	1´53´´ a 2´04´´	8
1´47´´ a 1´57´´	7	2´05´´ a 2´16´´	7
1´58´´ a 2´08´´	6	2´17´´ a 2´28´´	6
2´09´´ a 2´19´´	5	2´29´´ a 2´40´´	5
2´20´´ ou máis	Non superado	2´40´´ ou máis	Non superado

b) 50 ms. rescate de manequín, en tempo inferior a 1 minuto para homes e 1 minuto 10 segundos para mulleres. Puntuación por tempos de realización do exercicio (en minutos, segundos e centésimas):

Tempo homes	Puntos	Tempo mulleres	Puntos
Menos de 38´´00	10	Menos de 45´´00	10
38´´00 a 40´´09´´	9,5	45´´00´´´ a 47´´49´´´	9,5
40´´10´´´ a 42´´19´´´	9	47´´50´´´´ a 49´´99´´´	9
42´´20´´´´ a 44´´29´´´	8,5	50´´00´´´´ a 52´´49´´´	8,5
44´´30´´´´ a 46´´39´´´	8	52´´50´´´´ a 54´´99´´´	8
46´´40´´´´ a 48´´49´´´	7,5	55´´00´´´´ a 57´´49´´´	7,5
49´´50´´´´ a 51´´59´´´	7	57´´50´´´´ a 59´´99´´´	7
51´´60´´´´ a 53´´69´´´	6,5	1´00´´´ a 1´02´´49´´´	6,5
53´´70´´´´ a 55´´79´´´	6	1´02´´50´´´´ a 1´04´´99´´´	6
55´´80´´´´ a 57´´89´´´	5,5	1´05´´00´´´´ a 1´07´´49´´´	5,5
57´´90´´´´ a 59´´99´´´	5	1´07´´50´´´´ a 1´09´´99´´´	5
1´ ou máis	Non superado	1´10´´´ ou máis	Non superado

**3º Exercicio**, De carácter obrigatorio e eliminatorio. Cualificarase de apto ou non apto. Consistirá na tradución dun texto de castelán a galego ou de galego a castelán co obxecto de determinar o nivel de coñecemento mínimo de lingua galega. A duración será de 30 minutos. Quedarán exentos da súa realización os/as aspirantes que presentarán a documentación acreditativa establecida na base 4ª.

**Cualificación definitiva.**- A cualificación final do proceso selectivo estará determinada pola suma total das puntuacións obtidas na fase de concurso e en cada un exercicios da fase da oposición. Ata un máximo de 32 puntos.

De producirse empate na puntuación final, dirimirase a favor da maior puntuación no 1º exercicio da fase de oposición; e de persistir o empate, atenderase ás puntuación do 2º exercicio.

#### **9ª.- Resultados da selección.**

O Tribunal publicará no Taboleiro de Edictos da Corporación, no mesmo día en que se acorde, a relación de puntuacións outorgadas e elevará á Alcaldía proposta dos candidatos para a formalización dos contratos, a favor dos aspirantes posuidores da puntuación máis alta, xunto coa acta da sesión. Sen poder superar o número de aspirantes propostos o número de prazas convocadas.

#### **10ª.- Listaxe de reserva.**

Na acta da última sesión, incluírase unha listaxe dos/as aspirantes que tendo superados os exercicios da oposición, no seu caso, non foran incluídos na proposta de contratación, a efectos de nos casos de renuncia ou impedimento para ser contratado dalgunha das persoas aspirantes seleccionadas, ser chamado para cubrir o posto o/a seguinte persoa das que aprobaran todas as probas, por orde da puntuación obtida neste proceso.

#### **11ª.- Presentación de documentos e formalización do contrato.**

No prazo de 2 días hábiles a contar desde a publicación do resultado da selección, os/as aspirantes deberán xustificar que reúnen os requisitos esixidos na convocatoria, presentando os documentos que acrediten:

- a) Que cumpren todos e cada un dos requisitos esixidos na base 3ª desta convocatoria.
- b) Que están en posesión da titulación de coñecemento da lingua galega alegada e dos méritos alegados e efectivamente valorados na fase de concurso.

Noutro caso, salvo caso de forza maior, quedarán anuladas tódalas súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que incorrera por falsidade.

Cumpridos os requisitos sinalados, a Alcaldía procederá a formalizar os correspondentes contratos cos/coas aspirantes seleccionados/as. Ata a formalización do contrato, os/as seleccionados/as non terán dereito a percepción económica ningunha. A formalización dos contratos terá lugar dentro do prazo de cinco días naturais, a contar dende a data de notificación da resolución de contratación.

As persoas contratadas estarán obrigadas a prestar a súa xornada de traballo na medida e forma requiridas polo interese do servizo, de acordo coa lexislación aplicable, e quedarán sometidas a un período de proba, co alcance previsto no artigo 14 do Estatuto dos Traballadores.

#### **12ª. Normas finais.**

**Primeira.**- Para todo o non previsto nestas Bases será de aplicación supletoria o establecido na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, na Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora de Administración Local de Galicia, no Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, no Real Decreto 364/1995 e demais lexislación vixente de aplicación.

**Segunda.**- Agás a convocatoria, que se publicará segundo se establece na Base 3ª, os sucesivos actos e comunicacións que se deriven da celebración deste proceso selectivo faranse públicos só a través do Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello ou a páxina web municipal [www.sada.gal](http://www.sada.gal)

**Terceira.**- Todos os actos administrativos derivados desta convocatoria e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei do Procedemento Administrativo Común e normas vixentes concordantes.

## Anexo I. Temario

Tema 1.- Anatomía e fisioloxía. Conceptos xerais. Sistemas e aparatos

Tema 2.- Socorrismo. Principios xerais.

Tema 3.- Reanimación cardiopulmonar.

Tema 4.- Traumatismos. Lesións e contusións.

Tema 5.- Feridas. Hemorraxias.

Tema 6.- Shock. Cadros convulsivos.

Tema 7.- Queimaduras. Trastornos térmicos.

Tema 8.- Intoxicacións.

Tema 9.- Picaduras e mordeduras.

Tema 10.- Accidentes acuáticos.

Tema 11.- Plan de autoprotección.

Tema 12.- Plan de actuación en zonas de baño.

Tema 13.- Salvamento e socorrismo acuático profesional.

Tema 14.- Praias e augas oceánicas e continentais.

Tema 15.- Praias do Concello de Sada”.

O que se publica para xeral coñecemento.

Sada, 27 de maio de 2019

O Alcalde.: Óscar Benito Portela Fernández

2019/4203